

BASES ÁNCORA 2017, 1ª EDICIÓN
22ª EDICIÓN FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE (OUFF)

1. O Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF), en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e Agadic, convoca a producións galegas e portuguesas a participar en ÁNCORA – Foro de posprodución, cuxa primeira edición terá lugar durante a celebración do festival en 2017, do 20 ao 27 de outubro.
2. O obxectivo de ÁNCORA é ofrecer asesoramento e favorecer o investimento en proxectos cinematográficos nunha fase de produción avanzada, axudándoos a que se completen nas mellores condicións posibles.
3. Poden participar filmes de produción galega ou portuguesa que se atopen iniciando a súa fase de posprodución, coa rodaxe xa terminada, ou que estean nun proceso avanzado da mesma. Así mesmo, os/as directores/as galegos/as e portugueses/as que estean desenvolvendo un proxecto, aínda sen contar con produtora nalgún destes dous territorios, poderán tamén presentarse a esta convocatoria.
4. Os/as interesados/as en participar deben enviar os seus proxectos a ancora@ouff.org ata o 23 de setembro na páxina web do OUFF.
5. Documentación requirida:
 - Dossier de estrutura libre que conteña obrigatoriamente o seguinte: título, sinopse, ficha técnica e artística, duración aproximada, biofilmografía do/da cineasta, notas de intencións, orzamento do proxecto, fase na que se atopa, necesidades actuais de produción. Extensión máxima de 20 páxinas. Envío nun único documento pdf.
 - Acceso ao *rough cut* da película ou a unha copia de traballo. No caso de non contar con ela por estar aínda en fase de rodaxe, solicítanse cando menos dúas secuencias montadas. Só se admiten enlaces a vídeos protexidos en plataformas *online*. Non se terán en conta os materiais que estean abertos ao público na Internet, sen protección por contrasinal ou identificación en dita plataforma.
6. Seleccionaranse, de entre todos os solicitantes, catro proxectos en total, dos cales un como mínimo será de produción ou dirección galega.
7. A escollo dos finalistas levarase a cabo pola equipa de programación do OUFF.

ORGANIZA:

ÁNCORA 

COLABORA:

AGADIC  XUNTA DE GALICIA

PATROCINA:

NUMAX 

8. A mesma equipa convidará ademais a tres profesionais do sector a formar parte do comité asesor de ÁNCORA. O seu labor será ofrecer asesoramento aos/ás cineastas logo de presentacións a porta pechada dos proxectos. Ademais, serán os/as encargados/as de elixir que dous filmes levan os premios dos que ÁNCORA fai entrega.
9. Tanto os membros do comité coma os proxectos finalistas serán anunciados polo festival nunha data previa á celebración do mesmo, do 20 ao 27 de outubro de 2017.
10. Os/as cineastas seleccionados/as contarán cos seguintes gastos cubertos:
 - Billete de avión ida e volta en clase turista dende destino peninsular. Todo desprazamento que se faga dende outro lugar que non sexa a península ibérica está suxeito a non ser cuberto polo OUFF.
 - Tres noites de hotel en categoría tres estrelas.
 - Comidas cubertas durante o período de participación en ÁNCORA.
11. Os/as participantes que así o desexen poden asistir máis días ao festival, mais o OUFF non se fará cargo dos gastos de aloxamento e manutención que superen este período.
12. Os/as cineastas seleccionados/as están obrigados/as a asistir a ÁNCORA para facer a debida presentación. É este un requisito indispensable para gozar da selección. De non ser isto posible, o festival resérvase o dereito de non escoller o proxecto en cuestión como finalista.
13. Os/as cineastas poden estar acompañados do seu produtor/a ou outros membros da equipa, mais o festival non se fará cargo dos seus gastos.
14. Premios:
 - Premio Cinemar Films. Premio de posproducción de Son en Cinemar Films valorado en 7.000 €.
 - Premio NUMAX. Premio de posproducción de imaxe no Laboratorio NUMAX, valorado en 4.000 €.
15. Os premios daranse a coñecer na clausura do OUFF.
16. Os/as finalistas seleccionados/as deberán incluír nos créditos do filme o logo de ÁNCORA, especificando “filme apoiado por ÁNCORA / film supported by ÁNCORA”.
17. Os/as gañadores/as dos premios especificarán ademais ao inicio do filme “filme premiado en ÁNCORA / film awarded at ÁNCORA”, acompañando esa mensaxe do logo do foro e máis da empresa

patrocinadora do premio correspondente.

18. As dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puidesen producirse derivados da súa aplicación, e en canto á organización ou funcionamento, serán resoltas pola organización do OUFF.

Así mesmo, a organización do Festival reservarase o dereito de establecer excepcións puntuais a estas bases e preceptos por causas de forza maior.

ORGANIZA:

ÁNCORA 

COLABORA:

AGADIC   XUNTA
DE GALICIA

PATROCINA:

NUMAX *CineMar*